

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA DNA. MARIA VÁZQUEZ REY.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado por Comisión Informativa, antes de entrar no debate e votación do asunto, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

A sra. alcaldesa da conta da proposición do 19 de xullo de 2023, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Concesión da compatibilidade á concelleira María Vázquez Rey

Considerando que a Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2023 resolveu nomear a María Vázquez Rey concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

Considerando que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 30.06.2023 aprobou a dedicación parcial, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a Concellaría de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

Vista a documentación que obra no expediente tramitado ao efecto.

Tendo en conta que concorren razóns de urxencia que motivan a presente proposta, coa fin de que a concelleira poda realizar as funcións que lle foron encomendadas no seu día e deste xeito non se vexa paralizada a actividade na área de xestión da súa competencia.

Consecuentemente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a María Vázquez Rey, concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade coa súa actual actividade sanitaria por conta propia, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, así como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo

interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado á interesada, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

Teo, 19 de xullo de 2023

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

(...)

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer a María Vázquez Rey, concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade coa súa actual actividade sanitaria por conta propia, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, así como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado á interesada, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que

se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e prace

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz